Si bien la compatibilidad de incentivos garantiza que para los agentes decir la verdad constituye un equilibrio, éste, en general, no es el único. Si hay varios equilibrios puede ocurrir que no todos sean óptimos. ¿Podemos diseñar un mecanismo en el que todos los equilibrios sean óptimos? Este es el problema que se aborda en implementación. Hurwicz and Schmeidler (1978) probaron que bajo ciertas condiciones es posible construir mecanismos en los que todos sus equilibrios de Nash son Pareto óptimos. La generalización de este resultado para funciones de elección social ha sido propuesta por Maskin (1977). La teoría de la implementación constituye en la actualidad un pilar fundamental en diversas áreas del análisis económico, por ejemplo la teoría de elección social y la teoría de contratos incompletos.

A continuación recogemos algunos apuntes bibliográficos de L. Hurwicz, R. Myerson y E. Maskin. El lector interesado puede encontrar más detalles en la página web de los Premios Nobel <http://nobelprize.org/>



L. Hurwicz ha nacido en Moscú en 1917, donde su familia de origen polaco se refugió durante la Primera Guerra Mundial. Se licenció en Derecho en la Universidad de Varsavia. Allí descubrió su interés por la Economía. Continuó sus

estudios en la London School of Economics, en el Graduate Institute of International Studies (Ginebra, Suiza), en la Universidad de Harvard (EE.UU.) y en la Universidad de Chicago (EE.UU.). No llegó a obtener el grado de licenciado en Economía. Desde 1951 fue profesor de Economía y de Matemáticas en la Universidad de Minnesota. Desarrolló su carrera docente e investigadora en varios centros de Estados Unidos y de Asia. En la actualidad tiene la distinción Regent's Professor of Economics (Emeritus) en la Universidad de Minnesota. Es Doctor Honoris Causa por varias universidades, entre ellas la Universidad Autónoma de Barcelona (1989), y ha recibido la National Medal of Science in Behavioral and Social Science (1990). Es la persona de mayor edad que ha sido distinguido con un Premio Nobel. Sus artículos más recientes han aparecido en las revistas como *Economic Theory*, *Review of Economic Design* y *Advances in Mathematical Economics*. Ha sido editor asociado de varias publicaciones y ha coordinado las colecciones de la Cambridge University Press: *Resource Allocation Processes* y *Social Goals and Social Organization*.



E. S. Maskin ha nacido en Nueva York en 1950. Se licenció en Matemáticas en la Universidad de Harvard. Allí también obtuvo el grado de doctor en Matemática Aplicada. Trabajó en la Universidad de Cambridge y en la Universidad de Harvard. Desde el año 2000 es Albert O. Hirschman Professor of Social Science en el Institute for Advance Studies

en Princeton. Ha publicado varios artículos en las revistas *Econometrica*, *Journal of Economic Theory*, y *Games and Economic Behavior*. Es editor asociado en numerosas publicaciones.



R. B. Myerson ha nacido en Boston en 1951. Se licenció en Matemáticas en la Universidad de Harvard. Allí también obtuvo el grado de doctor en Matemática Aplicada. Actualmente es Glen A. Lloyd Distinguished Service Professor of Economics en la Universidad de Chicago. Es autor de dos libros: *Game Theory: Analysis of Conflict* (1991) y *Probability Models for Economic Decisions* (2005). Ha publicado varios artículos en las revistas *Econometrica*, *Mathematics of Operations Research* y *The International Journal of Game Theory*, de las que es editor asociado.

Referencias.

Hurwicz, L. (1960) Optimality and informational efficiency in resource allocation processes. In Arrow, Karlin and Suppes (eds.), *Mathematical Methods in the Social Sciences*. Stanford University Press.

Hurwicz, L. (1972) On informationally decentralized systems. In Radner and McGuire, *Decision and Organization*. North-Holland, Amsterdam.

Hurwicz, L. y Schmeidler, D. (1978) Construction of outcome functions guaranteeing existence and Pareto-optimality of Nash equilibria. *Econometrica* 46, 1447-1474.

Maskin, E. (1977) Nash equilibrium and welfare optimality. Artículo presentado en el seminario de verano de la Econometry Society en París, Junio 1977. Publicado en *Review of Economic Studies* 66, 23-38 (1999).

Myerson, R. (1979) Incentive compatibility and the bargaining problema. *Econometrica* 47, 61-73.


RAMIRO MELENDRERAS

Luis Coladas. Universidade de Santiago de Compostela

Co motivo do 50 aniversario da Licenciatura de Matemáticas da Universidade de Santiago, a Facultade dedicou seis aulas a outros tantos profesores destacados pola súa contribución a implantación dos estudos de Matemáticas na USC. Un deles foi Ramiro Melendreras Gimeno, principal impulsor da especialidade de Estatística e Investigación Operativa nesa universidade. No acto institucional celebrado o día 14 de novembro de 2008, festividade de San Alberte Magno, Luis Coladas presentou o esbozo biográfico que se recolle a continuación:

De todas as persoas que hoxe homenaxeamos posiblemente a figura de Ramiro Melendreras sexa a mais descoñecida. A súa curta estadía en Santiago e a súa tamén curta vida fan que para quen leve menos de trinta anos na universidade o seu nome posiblemente non signifique moito, malia a súa contribución fundamental á estatística na facultade de Matemáticas e, por tanto, en Galicia e en España. Por iso, dedicarei a maior parte dos escasos minutos de que dispono a facer unha pequena historia dos inicios da estatística na facultade e a recordar como foron aqueles tres intensos anos nos que tiven a sorte de compartir con el e outros cinco compañeiros o comezo da miña vida profesional.

Naceu Ramiro en Murcia o 19 de agosto de 1944, tería por tanto hoxe 64 anos, e cursou a Licenciatura de Matemáticas na Universidade Complutense entre 1962 e 1967, incorporándose a continuación ao grupo do profesor Sixto Ríos, sen dúbida a persoa que mais fixo pola estatística española e que faleceu o pasado mes de xullo. En 1971 presenta a súa tese de doutoramento dirixida por Ildefonso Yáñez, sobre programación estocástica. Sería a pro-



gramación matemática o seu campo de investigación preferido se ben tratou sempre de relacionala con outros como o problema de selección da carteira, a teoría da información, decisión con multicriterios, contrastes de hipóteses, etc. podendo afirmarse que praticamente todos os temas da Estatística e a Investigación Operativa foron abordados por el na docencia ou na investigación.

En novembro de 1974 obtén a praza de Agregado na súa Murcia natal pero pouco tempo permaneceu nela pois en 1975 obtén a

Cátedra na nosa universidade de Santiago, á que se incorporou en xaneiro de 1976. Viña a ocupar a vacante deixada polo profesor Azorín, un dos estadísticos españoles mais relevantes, que chegara a Santiago en 1961 pero que tivo unha curta presenza real nesta universidade pois ao pouco tempo foi nomeado para un cargo nun organismo internacional, quedando a súa praza sen posibilidade de que ningún a ocupase, ata o seu regreso a España e traslado á Universidade Autónoma de Madrid xa en 1974. Esta foi sen dúbida a causa do tardío desenvolvemento da estatística nesta universidade. Nestes anos, a docencia das materias de estatística das licenciaturas de Matemáticas e Bioloxía pasou a depender doutros departamentos. Á chegada de Ramiro dependía do de Álgebra e Fundamentos áinda que formalmente o que ocorría era que o director do mesmo, profesor García-Rodeja, era tamén o director do de Estatística Matemática. De inmediato Ramiro faise cargo da docencia das dúas únicas materias da licenciatura de Matemáticas, a obrigatoria de terceiro e a optativa, "Métodos Estatísticos", da que eu, que cursaba quinto, era alumno, o que me deu a oportunidade de coñecelo como profesor.

Unha afortunada circunstancia foi que a súa chegada coincidiu coa elaboración do novo plan de estudos. Ramiro puido adoptar a postura cómoda de non complicarse a vida en espera do traslado a outra universidade pero loitou con todo o seu poder de convicción para que o novo plan inclúise unha especialidade de Estatística e Investigación Operativa. Así, un departamento que empezaba a funcionar, sen profesores, sen apenas prazas dotadas e cunha biblioteca de menos de cen libros pasaba a responsabilizarse da metade do segundo ciclo.

De contado comezou a buscar profesores para tan importante responsabilidade. Incorporáronse dous procedentes do departamento de Álgebra e Fundamentos, Maricarmen Carollo e José Manuel Prada e outros catro sen ningunha experiencia previa: Ángeles Fernández Fernández (Maricha), Ángeles Fernández Sotelo, Eduardo Ramos e eu mesmo. Recordo as noites en branco que pasei cando me ofreceu incorporarme á aventura, pois tiña decidido o meu futuro profesional por outros camiños. Para Ramiro, ser profesor de universidade era, por riba de consideracións económicas, a profesión mais prestixiosa.

Pois ben, en outubro de 1976 comezou a andar a especialidade. Ningún de nós tiña apenas coñecementos das materias que tiña asignadas, o que facía que a nosa xornada laboral rematase frecuentemente ás dez da noite, preparando as clases que teríamos que impartir aos poucos días. O traballo de Ramiro foi ímpreso, dando orientacións de todas as materias, conseguindo apuntes e problemas doutras universidades, etc. Non o debemos facer moi mal cando en poucos anos moitos dos nosos alumnos pasaron a ocupar postos relevantes no mundo académico, da empresa ou da administración e o departamento se consolidou como referente, mesmo internacional, nalgúns dos campos da Estatística e a Investigación Operativa.

Dende o primeiro momento nos insistiu na necesidade de ter canto antes o título de doutor e todos tivemos enseguida temas de tese... (nós, que non coñecíamos os contidos básicos...!). Así, sacando horas de non se sabe onde fomos comezando a investigar e foron saíndo as teses, se ben unica-

mente as dúas primeiras foron rematadas baixo a súa dirección. As restantes foron xa dirixidas polo profesor José Antonio Cristóbal, incorporado como Agregado no curso 1978-79 e lidas despois da marcha de Ramiro. A lectura destas dúas primeiras teses, o 11 de xuño de 1979, primeiro a miña e a continuación a de Eduardo Ramos, hoxe Catedrático na UNED, foi, e perdoádemel o que poida ter de inmodestia, un dos fitos importantes na historia do Departamento. Vinte e dous anos despois da implantación dos estudos de Matemáticas líanxe por fin as primeiras teses en Estatística e Investigación Operativa. Con tal motivo viñeron a Santiago o profesor Sixto Ríos e varios dos seus discípulos mais relevantes. Non sabería dicir quen estaba mais emocionado, se os doutorandos ou o propio Ramiro para quen a lectura das teses era a culminación da súa estadía en Santiago. Tamén don Sixto vía como outro discípulo seu contribuía a consolidar a Estatística e a Investigación Operativa nunha universidade española.

Pouco mais hai que contar da súa presenza en Santiago. A finais dese curso trasladouse á universidade de Granada e unicamente regresou a Santiago para formar parte dos tribunais de tese de José Manuel Prada e de Maricarmen Carollo. O seu traslado tiña o único obxectivo de estar mais cerca da súa familia en Murcia (el unicamente viaxaba en tren e daquela aínda non estaba comprometido o AVE para o 2012). Incorporábase a un departamento consolidado, con moitos doutores e varios profesores numerarios. Desa etapa pode destacarse a relación co grupo de investigación operativa, posteriormente escindido do departamento e que foi un dos xermellos da Facultade de Informática de Granada. No curso 1981-82 trasladouse por fin á súa anhelada Murcia onde, por encargo do Reitor, o seu traballo fundamental foi a posta en marcha da Escola Universitaria de Informática, da que foi o primeiro director aínda que non chegou a vela en funcionamento e hoxe convertida en prestixiosa Facultade.

O 17 de xullo de 1983 faleceu vítima dun cancro. Tiña 38 anos. Remato coas palabras de Sixto Ríos na súa lembranza: mereceu unha vida mais longa.

Moitas grazas.



ESTATÍSTICA RECREATIVA

Antonio Vaamonde Liste. Universidade de Vigo

ENUNCIADO E SOLUCIÓN PROBLEMA NÚMERO ANTERIOR: O PROBLEMA DAS PORTAS

Nun concurso da TVG o participante ten que escoller entre tres portas: detrás dunha delas hai un automóbil, e nas outras dúas non hai nada. Unha vez elixida, o presentador, que sabe donde está o automóbil, abre outra, que non ten nada, e ofrece ó concursante cambiar de porta. ¿Debería cambiar?

a) Cando só quedan dúas portas, ambas teñen igual probabilidade, $1/2$, xa que o presentador sempre pode mostrar unha porta baleira, e polo tanto non hai información nova útil, nin hai vantaxe no cambio. De feito, se houbera dous concursantes que escollen portas diferentes, e o presentador abre a terceira, que non ten nada, non tería sentido que ámbolos dous teñan máis opcións de gañar cambiando de porta.

b) O presentador sempre pode abrir unha porta baleira, polo que a probabilidade de que o premio esté na porta escollida inicialmente polo concursante segue a ser $1/3$. O que cambia é a probabilidade de que o premio esté na porta restante, que pasa a ser $2/3$ (xa que na porta aberta de certo non está), e polo tanto compre cambiar de porta.

¿Cal é a solución correcta?

SOLUCIÓN

Trátase do coñecido problema de Monty Hall, que é o nome do presentador dun concurso de televisión nos Estados Unidos (*Let's Make a Deal*, fagamos un trato). A solución correcta é a segunda, e o concursante debe cambiar de porta. Esta resposta semella contradecir a intuición, polo que algúns consideran este problema como unha paradoxa. O análise pormenorizado de tódalas posibilidades non deixa lugar a dúbidas.

Si o concursante escolle unha porta baleira, o presentador só pode abrir unha porta, xa que na outra está o coche, polo que cambiando gañaría o premio con total seguridade. Como a probabilidade de escoller unha porta baleira inicialmente é $2/3$, esta será tamén a probabilidade de gañar se decide cambiar. Pola contra, se o principio escolle a porta que ten o coche, ó cambiar o perdería, con probabilidade $1/3$. Conclusión: compre cambiar.

(Para unha descripción más completa pódese buscar a entrada “problema de Monty Hall” na Wikipedia.)

NOVAS PROPOSTAS

O PROBLEMA DOS DADOS:

Un xogo coñecido xa no século dazasete -algúns din que é orixinario da antiga China- e que se pode xogar en moitos casinos hoxendía (mesmo na Internet), consiste en lanzar tres dados. Cada apostante escolle un número do 1 ó 6. Se sae o seu número nun só dado, gaña a cantidade apostada; se sae en dous dados, gaña o dobre, e se sae en tres o triple; naturalmente se non sae en ningún, perde o apostado.

Algúns xogadores razoan deste xeito: A probabilidade de que salga o meu número cun dado é $1/6$. Con tres dados será lóxicamente tres veces máis, e a probabilidade de gañar é igual que a de perder, e ainda por riba podo duplicar ou triplicar a miña ganancia, polo tanto o xogo está o meu favor.

¿É un xogo xusto? Se non o é, ¿Cal debería ser o pago para o resultado triple para que o xogo sexa equilibrado?

TESIS DE BEATRIZ PATEIRO LÓPEZ. UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

El pasado día 1 de septiembre de 2008, en la Facultad de Matemáticas de la Universidad de Santiago de Compostela, Beatriz Pateiro López defendió su tesis doctoral titulada “Set estimation under convexity type restrictions”, realizada bajo la dirección del profesor Alberto Rodríguez Casal. A continuación se presenta un breve resumen de la misma:

La estimación de conjuntos tiene por objetivo aproximar un conjunto a partir de observaciones aleatorias cuya distribución está relacionada de algún modo con el conjunto de interés. Así, el objeto que tiene interés estadístico no es un parámetro poblacional o una función relacionada con la distribución de las observaciones disponibles (como la densidad) sino un conjunto como puede ser el soporte de probabilidad o un conjunto de nivel.

En los últimos años se han venido desarrollando diversos métodos para estimar conjuntos, o características geométricas de los mismos, bajo hipótesis de forma mínimas. Véase, por ejemplo, Cuevas y Rodríguez Casal (2004) o Cuevas, Fraiman y Rodríguez Casal (2007). Sin embargo, es conocido (Dümbgen y Walther 1996) que las tasas de convergencia óptimas para la estimación de un soporte de probabilidad convexo cuya frontera verifique ciertas condiciones de suavidad son mejores que en el caso general. El problema principal de estas técnicas es que la hipótesis de convexidad puede ser muy poco realista en situaciones propias del análisis de imágenes. Por tanto, sería deseable disponer de métodos eficientes como los propuestos en Dümbgen y Walther (1996) en situaciones más generales. Un primer paso en esta línea fue dado en Rodríguez-Casal (2007) donde se prueba que la mejora obtenida para conjuntos convexas suaves también se puede conseguir para una clase de conjuntos más amplia. La condición de forma utilizada en ese artículo, denominada α -convexidad, relaja la condición de convexidad permitiendo la existencia de zonas cóncavas en la frontera del conjunto de interés, siempre que estas zonas no sean irregulares. En la tesis “Set estimation under convexity type restrictions” se abordan diversos problemas, tanto de tipo teórico como práctico, relacionados con la estimación de conjuntos α -convexos. Así, en el Capítulo 2 de la tesis se estudia el problema de la estimación de un soporte α -convexo. Formalmente, el problema de estimación del soporte se establece como el problema de aproximar el soporte de una distribución de probabilidad absolutamente continua, a partir de la

observación de una muestra aleatoria simple de dicha distribución. Si se supone α -convexidad, entonces el estimador natural es la envoltura α -convexa de la muestra.

En otras situaciones el objeto de interés no es sólo un conjunto sino cierta característica geométrica del mismo como, por ejemplo, el área superficial o el volumen. En el Capítulo 3 se aborda el problema de la estimación del área superficial de un conjunto, de nuevo bajo condiciones de α -convexidad.

Una vez estudiadas las propiedades teóricas de diferentes estimadores del soporte y el área superficial de un conjunto, el Capítulo 4 se centra en cómo se puede llevar a cabo el análisis práctico de dichos problemas. El cálculo de la envoltura α -convexa de una muestra no es un problema de solución inmediata y, por este motivo, parte del Capítulo 4 está dedicada a la descripción de la implementación en R del algoritmo propuesto por Edelsbrunner (1983).

Además de la envoltura α -convexa, se ha programado el estimador de la longitud de la frontera propuesto en el Capítulo 3 para el caso particular del espacio euclídeo bidimensional y se ilustra el problema de estimación del área superficial mediante un estudio de simulación. Además, a la vista de los resultados obtenidos, se plantea una solución alternativa al problema de la estimación del área superficial. Dada la envoltura α -convexa de una muestra, se puede calcular su perímetro sumando las longitudes de los arcos que conforman su frontera. De forma análoga, se consideran otros estimadores como, por ejemplo, el α -shape, que es un objeto geométrico sencillo y capaz de recuperar la frontera de un conjunto.

En resumen, con este trabajo se intenta mostrar que los métodos de estimación de conjuntos α -convexos son aplicables en la práctica y son más eficientes en la estimación de conjuntos α -convexos que los métodos más generales.

NOVAS DO IGE

Esther López Vizcaíno. IGE

ÚLTIMAS NOVIDADES EN PUBLICACIÓNS E DOCUMENTOS DO IGE

GALICIA EN CIFRAS. ANUARIO 2006

O Instituto Galego de Estatística (IGE) realiza, dende 1986 o anuario Galicia en cifras. Nesta publicación recóllense as principais variables de contido estatístico das diferentes fontes dispoñibles no período de referencia e sobre os diferentes ámbitos e materias da realidade socioeconómica relativas á Comunidade Autónoma de Galicia.

DATOS ESTATÍSTICOS BÁSICOS DE GALICIA 2008

O IGE publicou en formato papel e na páxina web os *Datos estatísticos básicos de Galicia 2008*. Esta publicación é unha obra divulgativa e de carácter xeral que ten como obxectivo ofrecer unha visión actualizada sobre distintos aspectos da realidade demográfica, social e económica de Galicia. Con este fin, os distintos capítulos recollen datos que provéñen do propio Instituto, das Consellerías, do INE, así como doutras fontes estatísticas oficiais.

PORTAL EDUCATIVO DO IGE

O IGE presentou o seu *PORTAL EDUCATIVO*, un novo apartado estatístico dirixido ao mundo escolar.

O obxectivo fundamental que alentou ao desenvolvemento deste novo produto do IGE, o Portal Educativo, é a necesidade de que a estatística oficial sexa coñecida e empregada cada vez en maior medida. Para conseguir este maior coñecemento e utilización da estatística oficial, que mellor maneira que empezar polos máis novos, dentro do marco do seu proceso formativo.

Polo tanto, o obxectivo particular do portal educativo é presentar unha serie de recursos didácticos que os profesores poden utilizar nas súas clases para o desenvolvemento didáctico das materias propias da estatística así como doutras materias que manexen conceptos estatísticos e datos da estatística pública, tales como economía e xeografía.

ENQUISA DE CONDICIÓNS DE VIDA DAS FAMILIAS. PRINCIPALES RESULTADOS. ANO 2007

O IGE publicou na súa páxina web e en formato papel os datos da *Enquisa de condicións de vida das*

familias. Principais resultados. Ano 2007. Nesta publicación aparece reflexada a tendencia descendente do tamaño medio do fogar galego que pasou dun 2,95 no ano 2002 ao 2,74 en 2007 e que Pontevedra é a única provincia que supera con claridade a media galega con 2,89 persoas por fogar mentres que Ourense é a que presenta o menor número medio con 2,45.

ENQUISA DE CONDICIÓNS DE VIDA DAS FAMILIAS. CONDICIÓNS NO TRABALLO. ANO 2007

O IGE publicou na súa páxina web os datos da *Enquisa de condicións de vida das familias. Condicións no traballo. Ano 2007*. Nestos datos pódese destacar que no ano 2007 o 43,7 % das mulleres ocupadas galegas considera difícil ou moi difícil conciliar a vida laboral e familiar.

ÚLTIMAS ACTUALIZACIÓNXS DA WEB DO IGE

ÍNDICE DE CONFIANZA DO CONSUMIDOR

O día 1/11/2008 o IGE publicou os datos do *Índice de confianza do consumidor* correspondentes ao mes de setembro de 2008. Neste mes a confianza do consumidor diminúe un punto con respecto ao mes anterior.

ESTATÍSTICA DE CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS. XUÑO 2008

O IGE publicou os datos da *Estatística de construcción de edificios* correspondentes ao mes de xuño de 2008. Neste mes os concellos galegos concederon licenzas para construír 2.345 vivendas de nova planta.

ÍNDICES DE VALOR UNITARIO PARA O COMERCIO EXTERIOR. REFERENCIA 2005. XULLO 2008

O IGE publicou os datos provisionais dos *Índices de valor unitario* correspondentes ao mes de xullo de 2008 no que os prezos dos bens exportados e importados en Galicia creceron en termos interanuais un 1,6% e un 16,5% respectivamente.

CONTABILIDADE TRIMESTRAL. II TRIMESTRE DE 2008

O IGE publicou na súa páxina web a *Contabilidade trimestral* correspondente ao II trimestre de 2008. O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no segundo trimestre de 2008 rexistrou un crecemento do 2,4% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é inferior en oito décimas ao rexistrado no trimestre anterior.

CONFIANZA EMPRESARIAL. II TRIMESTRE 2008

O IGE publicou os datos da estatística de *Confianza empresarial*, correspondente ao 2º trimestre de 2008. Neste segundo trimestre de 2008 a confianza empresarial diminúe en 12,9 puntos con respecto ao trimestre anterior.

GASTO DOS NON RESIDENTES EN GALICIA. III TRIMESTRE DE 2008

O IGE publicou os datos da estatística *Gasto dos non residentes en Galicia*, correspondentes ao terceiro trimestre de 2008. Neste trimestre os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 113,1 euros por persoa e día.

ACTUALIDADE DO IGE

CURSOS

CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO DA ESTATÍSTICA OFICIAL

Data: do 3 ao 18 de novembro (17 a 20 horas)

Duración: 30 horas

Lugar de celebración: Instituto Galego de Estatística

Destinatarios: Persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia

CURSO SOBRE O USO DIDÁCTICO DO PORTAL EDUCATIVO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Data de celebración: 28, 29 e 30 de outubro de 2008

Lugar de celebración: Instituto de Ensinanza Secundaria Alexandre Bóveda (Vigo)

Inscripción: <http://www.edu.xunta.es/fprof/>
(Referencia V:0801062)

Organizado polo: Instituto Galego de Estatística e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Destinatarios: Profesores de ESO e Bacharelato de matemáticas, xeografía e economía.

CONVOCATORIA DE TRES BOLSAS DE FORMACIÓN NO IGE

No DOG nº 214 do 4 de novembro de 2008 convouse, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva tres bolsas de formación na área da estatística pública no IGE, coa finalidade de incentivar a formación e preparación de persoal cualificado nesta área. As bolsas concederanse, unha, para a licenciatura en matemáticas con orientación curricular en estatística e investigación operativa, outra, para a licenciatura de ciencias económicas, outra para as licenciaturas ou titulacións equivalentes de matemáticas (sen orientación curricular en estatística e investigación operativa), administración e dirección de empresas, socioloxía, informática ou enxeñaría. Se non houbese solicitantes coas titulacións requiridas nalgunha das bolsas, recorrerase á orde de puntuación con independencia da titulación académica.

Poden obter máis información sobre estas bolsas en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/26/bolsas/bolsas_2009_convocatoria.pdf

ESTRUTURA ORGÁNICA FUNCIONAL

No DOG nº 175, do 10 de setembro de 2008, publicouse o decreto 198/2008, do 28 de agosto, pola que se regula a estrutura orgánico-funcional do Instituto Galego de Estatística (IGE).

CONCURSO

No DOG nº 184, do 23 de setembro de 2008 publicouse a Orde do 17 de setembro de 2008 pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes nas escalas superior e técnica de estatísticos da Xunta de Galicia.

OPOSICIÓN

Xa se celebrou o 4º exame da fase de oposición para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala superior de estatísticos, publicada no DOG nº 247 do 24 de decembro de 2007

FALLO I PREMIO IGE DE INNOVACIÓN PEDAGÓXICA

O Xurado do *I Premio IGE de Innovación Pedagógica*, organizado pola SGAPEIO e patrocinado pola IGE, do que forman parte

Presidente: D. Antonio Vaamonde Liste

Secretario: D. José Antonio Vilar Fernández

Vocais: D. Pedro Faraldo Roca

D. Carlos Iglesias Patiño,

acordou, por unanimidade, declarar deserto o premio

- Na elaboración deste número da revista participaron: José M^a. Alonso Mejide, Luis Coladas Uría, Gloria Fiestras Janeiro, Esther López Vizcaíno, Salvador Naya Fernández, Beatriz Pateiro López, Luis Alberto Ramil Novo, Antonio Vaamonde Liste e Juan Viaño Rey.

COMUNICACIÓN COA SGAPEIO

Facultade de Matemáticas, Campus Universitario Sur, 15706 Santiago de Compostela.

<http://www.sgapeio.es>

secretaria@sgapeio.es

boletin@sgapeio.es



SGAPEIO

Sociedade Galega para a
Promoción da Estatística
e da Investigación de
Operacións

Director: José M^a. Alonso Mejide.

Domicilio Social: Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Facultade de Matemáticas. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela.

Dep. Legal: LU-191-1995 - I.S.S.N.: 1695-7083

Fotomecánica e Impresión: El Progreso Artes Gráficas S.L.